

UNHA
NOVA GALIZA
CONCELLO
A CONCELLO



ELECCIÓN MUNICIPALIS MAIO 2023

Coirós



PARA GOBERNAR O COIRÓS QUE MERECEMOS

No BNG somos ambiciosas e non nos poñemos límites.

Traballamos aspirando ao máximo e imos dar o mellor de nós.

No presente documento, que recolle propostas saídas de conversas coa veciñanza, explicaremos o proxecto municipal co que queremos liderar a mellora e o avance que desexamos para o noso concello.

Con toda humildade, mais tamén con confianza e orgullo, sabemos que temos o mellor proxecto e o mellor equipo para o noso concello.



Coirós transparente e participativo

Promoveremos o asociacionismo e a participación veciñal, con asembleas onde o pobo decida diante dos orzamentos, modificacións urbanísticas e outros proxectos de futuro.

Axudaremos á veciñanza nos trámites municipais e naqueles que dependen doutras administracións (Catastro, Consellarías).

Incluiremos na páxina web municipal unha ventá de suxestións para favorecer a participación cidadá. A información de plenos, convocatorias, contratacións e outra documentación de interese estará dispoñíbel tamén na paxina web.

Colocaremos taboleiros de información por todo o concello (paradas de bus, zonas de recollida do lixo) para que ningunha persoa fiquese excluída por non utilizar internet.

Anualmente enviaremos un calendario aos domicilios con todos os teléfonos de contacto dos distintos departamentos do concello, información sobre xestión de residuos e bo uso da auga.


Realizaremos Plenos nos que participen a xente moza e as crianzas, para fomentar a participación desde idades temperás e tamén escoitar e executar as súas propostas

Coirós merece máis!


Mobilidade e seguridade viaria

Dotarémonos dun transporte municipal entre as parroquias e os edificios municipais, centro de saúde, farmacia, escolas e outros puntos de interese.

Seguiremos demandando melloras nas estradas provinciais e na N-VI, en especial no cruce de Queirís e nas incorporacións desde outras estradas.



Demandaremos do Estado a colocación de semáforos para control da velocidade nos puntos máis perigosos.



Iniciaremos a humanización dos camiños para dotármonos dunha rede de sendeiros que comuniquen as parroquias. Dotarémolos de fontes e bancos nos que poder descansar.

Reservaremos espazos para persoas con mobilidade reducida en todos os locais e espazos municipais.



Emprego e formación

Apoiaremos ao sector agrario, forestal, hostalería e servizos polo súa importancia na creación de emprego, fixación de poboación e coidado da contorna. Realizaremos actividades que fomenten o consumo no comercio e hostalería local: feiras, roteiros guiados, xornadas gastronómicas.

Publicaremos na páxina web do concello a lista de empresas da zona e produtoras de alimentos para fomentar o consumo de proximidade.



Crearemos unha oficina de asesoramento para pequenas empresas e autónomos.

Habilitaremos espazos para co-traballo e reclamaremos conexión a internet de calidade para todas as lugares.

Promoveremos o asentamento de novas empresas no polígono industrial.

Desenvolveremos un Plan de Formación en colaboración coas empresas locais e un Plan de Bolsas de Emprego para a mocidade.

Patrimonio natural e cultural

Poremos en valor lugares singulares como Chelo, Monte do Gato, Pena Furada, Machuco de Ois ou as rutas de Muíños para facelos atractivos para o turismo de calidade.

Recuperaremos o patrimonio ligado á auga, fontes e lavadoiros.

Sinalizaremos os lugares, parroquias e elementos singulares para recuperar a nosa micro-toponimia.

Habilitaremos unha zona para caravanas, que mellorará a oferta de turismo de natureza.



Social e Coidados

Incrementaremos os recursos para o Servizo de Axuda no Fogar.

Creación dun Centro de Día.

Dotaremos de máis medios ao Centro de Información ás Mulleres.

Crearemos un Banco de Tempo Libre para fomentar a colaboración veciñal en canto a acompañamento, uso compartido de coche, axuda nos coidados.

Dotaremos as Escolas de Infantil de Coirós dos servizos necesarios (horario, comedor) para que todas as familias poidan matricular nela ás súas nenas e nenos.



Medio Ambiente

Revisaremos a xestión do lixo, cambiando o modelo actual por outro sostíbel ecolóxia e economicamente.

Implantaremos paulatinamente a recollida porta a porta, depuración de augas mediante brañas artificiais e habilitaremos un punto limpo supra-municipal.

Realizaremos unha auditoría sobre o estado dos depósitos e conducións da auga municipal para minimizar as perdas e así abaratar o servizo.

Convocaranse charlas informativas para fomentar un uso máis consciente da auga nos domicilios.

Fomentaremos a creación de comunidades enerxéticas, con charlas e axudando na súa tramitación

Articularemos bonificacións nos impostos municipais dos vehículos menos contaminantes.

Habilitaremos un servizo de recollida e atención de animais abandonados.

Tempo libre

Revisaremos a distribución dos parques infantís e bío-saudables e melloraremos o seu mantemento.

Ampliaremos a oferta formativa para todas as idades nas actividades municipais: información financeira, mellora do coñecemento de idiomas e preparación para probas oficiais, novas tecnoloxías e iniciación á robótica.

Diversificarmos a oferta de actividades deportivas para todas as idades e así sacar un mellor rendemento das instalacións.

Candidatura do BNG de Coirós ás eleccións municipais do 28 de Maio



Pura Ferreño Saia



Pablo Bugia López



Carmen Tomé Darriba



Jose Sevilla Chueca



Marisa Marcote García



Javier Piñeiro Castro



Suso Ferrin Naya



Katy Pagán Saura



Francisco López Mahía



M. Ignacio Boutureira
"Luki"



Víctor Fdez Colomé

Contacta co BNG!



Travesía da Torre, 2- 1º andar
(Betanzos)



692 030 541



coiros@bng.gal



@bng.coiros



@bng_coiros



@BngCoiros

